

Liñas de seguro	Riscos asegurables	Data inicio subscripción	Subvención C.A. Galicia	Grupo subvención ENESA
B. Seguros para producións gandeiras e acuícolas				
B.1. Seguros en producións gandeiras				
B.1.1. Seguros de gando				
Seguro de explotación de gando vacún reprodutor e de recría		15 de xaneiro de 2010	25	III (sistema manexo aptitude cárnica) IV (outros sistemas de manexo)
Seguro de explotación de gando vacún de ceba		15 de xaneiro de 2010	25	IV
Seguro de gando vacún de alta valoración xenética		15 de xaneiro de 2010	25	IV
Seguro de explotación de reprodutores bovinos aptitude cárnica		15 de xaneiro de 2010	25	IV
Seguro para a cobertura de danos por seca en pasteiros		1 de xullo de 2010	25	IV
Seguro de encefalopatía esponxiforme bovina		15 de xaneiro de 2010	0	IV
Seguro para a cobertura de explotación en apicultura		1 de outubro de 2010	25	IV
Seguro de explotación de gando ovino e cabrón		15 de xaneiro de 2010	25	IV
Seguro de explotación de gando equino		1 de febreiro de 2010	25	IV
Seguro de explotación de gando equino en razas selectas		1 de febreiro de 2010	25	IV
Seguro de explotación de gando aviario de carne		1 de febreiro de 2010	25	IV
Seguro de explotación de gando avicultura de posta		1 de febreiro de 2010	25	IV
Seguro de explotación de gando porcino		1 de febreiro de 2010	25	IV
Seguro de danos por ataque de animais salvaxes ou asilvestrados en gando extensivo		(2)	25	(2)
B.1.2. Seguros de retirada				
Seguro para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais bovinos mortos na explotación (1)		15 de xaneiro de 2010	35	VI
Seguro renovable para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais bovinos mortos na explotación (1)		1 de xuño de 2010	37	VI
Seguro para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais non bovinos mortos na explotación (1)		15 de xaneiro de 2010	35	VI
Seguro renovable para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais non bovinos mortos na explotación(1)		1 de xuño de 2010	37	VI
B.2 Seguros en producións acuícolas				
Seguros en piscifactorías de troitas		1 de febreiro de 2010	20	IV
C. Seguros para producións forestais				
C.1. Seguros en producións forestais				
Seguro para repoboacións forestais en solos agrícolas	Incendio e inundación e chuvía torrencial	1 de marzo de 2010	0	IV
Seguro para plantacións forestais de sobreiras	Incendio, vento, inundación e chuvía torrencial	1 de marzo de 2010	0	IV
Seguro para plantacións forestais en coníferas	Incendio, vento, inundación e chuvía torrencial	1 de marzo de 2010	0	IV

1. Porcentaxe sobre custo neto da póliza.

2. A asignación das subvencións para os diferentes módulos incluídos neste seguro establecerase posteriormente mediante resolución conxunta dos ministerios de Economía e Facenda e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo coa dispoñibilidade económica prevista no plan.

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Resolución do 15 de decembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a obtención da avaliación previa á contratación de profesorado universitario polas universidades do sistema universitario de Galicia e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten atribuída, a través da disposición adicional vixésimo sétima da Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime

fiscal e administrativo, dentro do ámbito da comunidade autónoma, a competencia para realizar as avaliacións das actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado para poder ser contratado en determinadas figuras polas universidades do sistema universitario de Galicia (SUG), de conformidade co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e co Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario.

Por outra banda, os novos estatutos da ACSUG, publicados mediante a Resolución do 10 de decembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e

Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e o Decreto 326/2009, do 11 de xuño, polo que se modifica o 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, configuraron a Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) como o órgano superior en materia de avaliación, competente para a elaboración dos protocolos e procedementos específicos de avaliación e informe.

Posteriormente, coa orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 17 de setembro de 2009 unificouse a normativa existente relativa aos distintos procesos de avaliación e informe atribuídos á ACSUG, previos á contratación, progresión e consolidación do profesorado universitario. Así mesmo, reguláronse os supostos de validacións automáticas e establécense un procedemento común a seguir nos distintos procesos.

Finalmente a CGIACA, en virtude das competencias que ten atribuídas, aprobou no seu Acordo do 10 de novembro de 2009 o protocolo relativo á avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do SUG, aplicable á emisión pola ACSUG da avaliación necesaria para poder ser contratado por algunha das universidades integrantes do sistema universitario de Galicia (SUG), como profesorado contratado doutor, profesorado axudante doutor e profesorado de universidade privada, así como para a emisión do informe necesario para a contratación excepcional de profesorado colaborador a que se fai referencia no Real decreto 989/2008, do 13 de xuño.

De conformidade co exposto, a presidenta do Consello de Dirección da ACSUG, en virtude das competencias que ten delegadas por Resolución do 21 de setembro de 2006 (DOG do 3 de outubro),

RESOLVE:

Primeira.-*Obxecto.*

Apróbase a convocatoria para a presentación de solicitudes por parte dos interesados que desexen obter a avaliación exixida para poder ser contratados como persoal docente e investigador por algunha das universidades integrantes do sistema universitario de Galicia (SUG), como profesorado contratado doutor, de universidade privada e axudante doutor, de conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril; e que debe emitir a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Segunda.-*Destinatarios.*

Poderán presentar a súa solicitude todas aquelas persoas que desexen obter a avaliación a que se fai referencia na base anterior, que posúan o título de doutor e non se atopen en ningún dos supostos regulados no artigo 4 da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 17 de setembro de 2009, pola que se regula a avaliación e informe

da ACSUG previos á contratación de profesorado contratado doutor, axudante doutor, de universidade privada e colaborador.

Cando algún solicitante se atope nalgún dos supostos regulados no artigo citado, a ACSUG arquivará a solicitude comunicándolle ao interesado a cualificación automática correspondente.

Terceira.-*Solicitudes.*

As solicitudes de avaliación, de conformidade co disposto no artigo 9 da citada Orde do 17 de setembro de 2009, dirixiranse á presidenta da ACSUG e, sen prexuízo do establecido na base seguinte, presentaranse no modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como anexo a esta resolución.

As solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e deberán indicar para cal ou cales das modalidades contractuais solicitan a avaliación. No caso de que se solicite máis dunha figura contractual, farase na mesma instancia.

Cuarta.-*Requisitos de presentación da solicitude e alegación dos méritos.*

1. A instancia e o *curriculum vitae* deberanse cubrir necesariamente en formato dixital, nos modelos dispoñibles na aplicación informática, á cal se poderá acceder a través da páxina web www.acsug.es.

Unha vez cubertos dixitalmente estes documentos será necesario imprimir a instancia (anexo) que, unha vez asinada debidamente, deberá presentarse ante a ACSUG do xeito que se indica na base anterior, xunto unha copia do documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalente) e unha copia do xustificante do título de doutor.

Achegarase unha única copia desta documentación, con independencia do número de figuras contractuais para as que se solicite a avaliación.

2. Só se valorarán os méritos que aparezan alegados no citado *curriculum vitae* dixital.

Quinta.-*Xustificación dos méritos curriculares.*

1. Os interesados deberán xustificar axeitadamente os méritos curriculares que aleguen. Os méritos que se relacionan a continuación soamente serán tidos en conta cando se xustifiquen do xeito que expresamente se indica:

-A docencia universitaria regradada xustificarase cun certificado, da secretaría xeral ou da correspondente vicerrectoría da universidade en que se prestase aquela, no cal deberán constar as materias e o número de horas impartidas.

-O expediente académico xustificarase a través dun certificado expedido pola autoridade competente.

-Os cursos e másters recibidos xustificaranse co correspondente certificado en que conste o número de horas destes.

-As bolsas e as axudas acreditaranse a través da credencial emitida polo organismo pagador destas.

-Os proxectos e contratos de investigación competitivos e non competitivos xustificaranse coa documentación en que conste a súa concesión por parte do organismo pagador, as características, o posto ocupado como membro do proxecto e o seu carácter internacional, interuniversitario ou interdepartamental.

-A actividade profesional desenvolvida xustificárase prioritariamente coa presentación da copia dos correspondentes contratos de traballo e o certificado de vida laboral da Seguridade Social.

-Para acreditar libros, artigos e demais publicacións será suficiente con entregar unha copia simple da primeira e última folla, índice e folla onde figure o ISBN, ISSN, depósito legal, etc.

-No caso de traballos aceptados e pendentes de publicación xustificaranse cun certificado da editorial ou organismo responsable da publicación.

2. Non será necesario o cotexo da documentación acreditativa dos méritos curriculares, tendo en conta que o solicitante asina unha declaración de veracidade respecto da certeza dos datos que fai constar na instancia e no *curriculum vitae*, así como de toda a documentación xustificativa que xunta á solicitude, asumindo as responsabilidades que puidesen derivar das inexactitudes que consten nestes documentos. A ACSUG poderá solicitar ao solicitante os orixinais ou copias compulsadas desta documentación en calquera momento previo á resolución das solicitudes.

3. Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes non se admitirá ningunha documentación xustificativa dos méritos curriculares. As correspondentes avaliacións faranse con base nos xustificantes dos méritos que achegasen os interesados ata ese momento.

4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a ACSUG poderá requirir dos solicitantes as aclaracións e concrecións que considere oportunas en relación cos méritos alegados nos seus curriculos, sempre que fosen xustificados con anterioridade a que rematase o prazo de presentación de solicitudes.

5. De conformidade co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas do procedemento administrativo común, no caso de que xa se solicitase a avaliación en anteriores convocatorias, non será necesaria a presentación da documentación xustificativa dos méritos curriculares a que se refire esta base que xa se atopen en poder da ACSUG. Esta circunstancia farase constar na solicitude. Os méritos curriculares obtidos con posterioridade a anterior solicitude de avaliación deberán ser xustificados.

Sexta.-*Admisión a trámite, emenda e mellora da solicitude.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a ACSUG comprobará que as solicitudes cumpran cos requisitos exixidos no punto primeiro do artigo da citada lei e demais normativa específica de aplicación, necesarios para admitir a trámite as solicitudes.

2. Xunto co modelo normalizado de instancia (anexo I) será imprescindible xuntar a seguinte documentación:

-Copia do documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalente).

-Copia do xustificante do título de doutor.

3. Cando as solicitudes non cumpran con estes requisitos ou non xunten os documentos exixidos no punto anterior, requirirase o interesado para que proceda á súa emenda de conformidade co disposto no artigo 71 da citada Lei 30/1992. De non facelo, considerarase que desiste da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos no citado artigo.

Sétima.-*Prazo.*

O prazo para a presentación das solicitudes será de 40 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitava.-*Procedemento de avaliación.*

De conformidade co establecido na alínea b) do artigo 10 da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 17 de setembro de 2009, as avaliacións realizaranse de conformidade co establecido para o efecto no protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia aprobado por acordo da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) o 10 de novembro de 2009, publicado na páxina web www.acsug.es.

Novena.-*Acordos de avaliación.*

De conformidade co establecido na alínea a) do artigo 10 da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 17 de setembro de 2009 e co establecido no artigo 22 dos estatutos da ACSUG, correspóndelle á CGIACA a competencia para a emisión das avaliacións a que se fai referencia na base primeira.

Os acordos serán motivados e notificaránselles aos solicitantes nos seis meses seguintes ao peche do prazo de presentación de solicitudes.

Décima.-*Recurso.*

Os acordos adoptados pola CGIACA esgotan a vía administrativa polo que, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, poderán ser impug-

nados en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeira.-*Protección de datos de carácter persoal.*

Nesta convocatoria cúmprese co indicado na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), poñendo en coñecemento dos interesados o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, que poderán exercer mediante escrito dirixido á Axencia

para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, Lamas de Abade, s/n, CIFP Compostela 5º andar, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

Décimo segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2009.

María Patrocinio Morrondo Pelayo
Presidenta do Consello de Dirección da Axencia
para a Calidade do Sistema Universitario de
Galicia

ANEXO

Solicitude de avaliación previa á contratación de profesorado da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

1. DATOS DO SOLICITANTE

1º Apelido:	2º Apelido:	Nome:
DNI ou equivalente:	Data nacemento:	Sexo:

2. ENDEREZO DO SOLICITANTE PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enderezo:		
Código postal:	Cidade:	Provincia:
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:

3. FINALIDADE DA AVALIACIÓN. Marcar cun X a figura para a que se solicita a avaliación.

<input type="checkbox"/> Profesor contratado doutor
<input type="checkbox"/> Profesor axudante doutor
<input type="checkbox"/> Profesor de universidade privada

4. ÁREA DE COÑECEMENTO. Sinalar ata un máximo de tres, por orde de preferencia. Esta información terá efectos para a adscrición da solicitude aos campos da avaliación por parte da ACSUG. A ACSUG non emitirá avaliacións vinculadas a unha área de coñecemento específica.

1.-	Código:
2.-	Código:
3.-	Código:

5. INCORPORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA EN PODER DA ACSUG. Cubrir no caso de que se desexe que a documentación xustificativa dos méritos curriculares que se presentasen con anterioridade se incorpore a esta solicitude, sempre que se solicitase con anterioridade a avaliación ou informe. (O *curriculum vitae* deberá, en todo caso, estar actualizado e presentarse do xeito indicado nas bases da convocatoria. Os méritos curriculares obtidos con posterioridade á anterior avaliación ou informe deberán ser xustificados).

<input type="checkbox"/> Código do expediente da avaliación ou informe anterior:
--

Santiago de Compostela, de de 200

Sinatura do solicitante

PRESIDENTA DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVESITARIO DE GALICIA

De acordo coa Lei orgánica de protección de datos, infórmase de que os seus datos persoais van ser incorporados a un ficheiro automatizado, coa finalidade de realizar as avaliacións previas á contratación de profesorado segundo as bases desta convocatoria. Ponse no seu coñecemento o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais mediante escrito dirixido á AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA-Lamas de Abade, s/n-CIFP Compostela 5º andar, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

Marque cun X este cadro se desexa colaborar coa ACSUG en análises estatísticas e de medición da satisfacción.

Declaración de veracidade

Nome e apelidos:

DNI ou equivalente:

Quen asina abaixo declara que son certos os datos que fai constar na instancia e no *curriculum vitae*, así como toda a documentación xustificativa que se xunta a esta solicitude de avaliación previa á contratación de profesorado, e asume, en caso contrario, as responsabilidades que puidesen derivar das inexactitudes que consten nestes documentos.

Santiago de Compostela, ... de ... de 20...

Sinatura:

Resolución do 15 de decembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a obtención do informe previo á contratación excepcional de profesorado colaborador polas universidades do sistema universitario de Galicia e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten atribuída, a través da disposición adicional vixésimo sétima da Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, dentro do ámbito da súa comunidade autónoma, a competencia para realizar as avaliacións das actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado para a poder ser contratado en determinadas figuras polas universidades do sistema universitario de Galicia (SUG), de conformidade co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e co Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario.

Por outra banda, os novos estatutos da ACSUG, publicados mediante a Resolución do 10 de decembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e o Decreto 326/2009, do 11 de xuño, polo que se modifica o 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, configuraron a Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) como o órgano superior en materia de avaliación, competente para a elaboración dos protocolos e procedementos específicos de avaliación e informe que correspondan para o desenvolvemento das súas funcións.

Posteriormente, coa orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 17 de setembro de 2009, unificouse a normativa existente relativa aos distintos procesos de avaliación e informe atribuídos a ACSUG, previos á contratación, progresión e consolidación do profesorado universitario. Así mesmo, reguláronse os supostos de validacións automáticas e estableceuse un procedemento común a seguir nos distintos procesos.

Finalmente a CGIACA, en virtude das competencias que ten atribuídas, aprobou no seu Acordo do 10 de novembro de 2009, o protocolo relativo á avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do SUG, aplicable á emisión pola ACSUG, da avaliación necesaria para poder ser contratado por algunha das universidades integrantes do sistema universitario de Galicia (SUG), como profesorado contratado doutor, profesorado axudante doutor e profesorado de universidade privada, así como para a emisión do informe necesario para a contratación excepcional de profesorado colaborador a que se fai referencia no Real decreto 989/2008, do 13 de xuño.

De conformidade co exposto, a presidenta do Consello de Dirección da ACSUG, en virtude das competencias que ten delegadas por Resolución do 21 do setembro de 2006 (DOG do 3 de outubro),

RESOLVE:

Primeira.-*Obxecto.*

Apróbase a convocatoria para a presentación de solicitudes por parte dos interesados que desexen obter o informe previo á contratación excepcional de profesorado colaborador a que se fai referencia na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 4/2007, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como no artigo 3 do Real decreto 989/2008, do 13 de xuño, polo que se regula a contratación excepcional dos profesores colaboradores.

Segunda.-*Destinatarios.*

Poderán presentar a súa solicitude todas aquelas persoas que desexen obter o informe a que se fai referencia na base anterior, que posúan o título de diplomado, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico.

Terceira.-*Solicitudes.*

As solicitudes de informe, de conformidade co disposto no artigo 9 da citada Orde do 17 de setembro de 2009, dirixiranse á presidenta da ACSUG e, sen prexuízo do establecido na base seguinte, presentaranse no modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como anexo a esta resolución.

As solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarta.-*Requisitos de presentación da solicitude e alegación dos méritos.*

1. A instancia e o *curriculum vitae* deberanse cubrir necesariamente en formato dixital, nos modelos dispoñibles na aplicación informática, á cal se poderá acceder a través da páxina web www.acsug.es.

Unha vez cubertos dixitalmente estes documentos será necesario imprimir a instancia (anexo) que, unha vez asinada debidamente, deberá presentarse ante a axencia do xeito que se indica na base anterior, xunto cunha copia do documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalen-